

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DE ESTUDANTES DAS TITULACIÓNS DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA E DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑERÍA

REÚNENSE

Dunha parte, Don Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, do seu nomeamento, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, do 22 de marzo de 2022, e polas facultades conferidas na Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e no Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da USC.

E doutra, Don José Antonio Campo Andión, Director do Instituto Galego de Estatística (en adiante IGE), que actúa en nome e representación del en virtude do Decreto 295/2009, do 14 de maio, do seu nomeamento, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 94, do 15 de maio de 2009, e polas facultades conferidas na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e no Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do IGE.

Tódalas partes recoñécense plena capacidade e lexitimación bastante para formalizar o presente convenio e,

EXPOÑEN

Que consideran de interese achegar os ámbitos académico e laboral para facilitar a futura inserción no mercado de traballo dos estudantes universitarios.

Que a competencia para levar a cabo as actuacións contempladas no convenio fundaméntase na seguinte normativa:

1. Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o estatuto do estudante universitario, no que se recolle o seu dereito a poder realizar prácticas en entidades externas.
2. Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudante universitario, no que se establece que se poderán realizar en entidades externas públicas e privadas.
3. Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do IGE, no que se regulan os seus plans anuais de actuación, que contemplan as prácticas de estudantes universitarios dentro do apartado de cursos, seminarios e outras actividades formativas.

Que, en consecuencia, acordan formalizar o presente convenio coas seguintes,



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO E CONTIDO

As partes asinantes acordan establecer un programa de prácticas externas no IGE co obxecto de mellorar a cualificación profesional dos estudantes universitarios e facilitarlles a inserción no mundo laboral.

Mediante este convenio os estudantes poderán coñecer as técnicas e metodoloxías de traballo empregadas polo IGE e complementar a súa formación teórica.

O contido particular de cada práctica especificarase nun Proxecto formativo, dentro do documento cuxo modelo figura como anexo I do convenio.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS DA USC

A selección dos estudantes será competencia da USC, así como a organización dos apoios teórico e práctico que se precisen para desenvolver as prácticas.

A USC designará unha persoa como titora académica encargada de orientar e supervisar a realización das prácticas e de emitir o Informe final sobre os resultados acadados polo estudante.

O seguro escolar cubrirá os riscos por enfermidade ou accidente dos estudantes menores de vinte oito anos. Os que superen esa idade deberán formalizar ao matricularse un seguro específico ao seu cargo.

A cobertura de riscos derivados da responsabilidade civil do estudante quedará garantida pola USC.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS DO IGE

O IGE acollerá 1 estudante por cada curso académico, cuxa estadía non superará as 150 horas.

O estudante realizará tarefas orientadas á aprendizaxe práctica e a súa vinculación co IGE non será, en ningún caso, de natureza laboral, nin poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia dos postos de traballo do IGE.

As prácticas desenvolveranse nos servizos ou unidades administrativas que o IGE poña á disposición do obxecto do convenio.

O IGE designará unha persoa como titora encargada de orientar e supervisar as prácticas, que poderá solicitar á USC o recoñecemento da súa colaboración.

As prácticas incluírán a redacción dunha Memoria por parte do estudante, na que se describirán os traballos desenvolvidos e se valorarán os coñecementos adquiridos.

A persoa titora do IGE elaborará un Informe de prácticas sobre os resultados acadados polo estudante, que se porá en coñecemento da designada pola USC como titora académica. Se a avaliación do IGE é favorable, o estudante poderá solicitarlle



unha certificación na que constarán a duración das prácticas e as actividades realizadas.

As prácticas adaptaranse aos horarios lectivos, de xeito que o estudante poida cumprir as súas obrigas universitarias académicas, formativas, de representación e de participación. No caso de estudantes con discapacidade, conciliarase a realización das prácticas coas actividades e situacións persoais derivadas desa condición.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E INTERPRETACIÓN

Créase unha comisión de seguimento interpretación do convenio integrada polas persoas titulares da Secretaría Xeral do IGE e da Vicerreitoría da USC competente en materia de prácticas académicas externas.

A comisión reunirse cando o considere necesaria calquera das partes e resolverá os problemas de interpretación e cumprimento do convenio que xurdan durante a súa execución.

QUINTA. DURACIÓN

O convenio terá unha vixencia de catro anos e comezará a producir efectos a partir do día seguinte á súa sinatura. Subsidiariamente, se dita sinatura foxe dixitalizada e non coincidisen as datas da sinatura das partes, tomarase como data de referencia a da derradeira sinatura.

Antes de rematar o prazo previsto e se as circunstancias o aconsellan, as partes poderán acordar por unanimidade a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de catro anos adicionais establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEXTA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen que se acorde a súa prórroga.
- b) O transcurso do prazo máximo de vixencia, incluído o período de prórroga establecido.
- c) O acordo unánime dos asinantes.
- d) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- e) A decisión xudicial declaratoria da súa nulidade.

Se no momento de resolución do convenio o estudante estivese realizando as prácticas, poderá continuarlas ata o remate das mesmas.

SÉTIMA. NORMAS DE APLICACIÓN

O convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público e seralle de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



OITAVA. PUBLICIDADE DE REXISTROS E CONVENIOS

A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outra especificación que figure nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

NOVENA. PROTECCION DE DATOS

As partes comprométense a cumprir co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, que supón adaptar a normativa española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

O estudante en prácticas que acceda a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea ao IGE dita información, nin a utilizará con finalidades distintas ás esixidas polas accións formativas, obriga que subsistirá logo de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte ao IGE, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa se puideran derivar perante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto, o estudante asinará o documento do anexo II, no que se obriga a cumprir o deber de segredo estatístico regulado na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

DÉCIMA. XURISDICIÓN

1. O IGE e a USC comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do convenio.
2. As cuestións litixiosas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio serán resoltas en primeira instancia pola comisión de seguimento e interpretación. As que non poida resolver dita comisión someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa.

E, como proba de conformidade, as partes comparecen e asinan o presente convenio na data da última sinatura electrónica.

O Director do IGE
José Antonio Campo Andión

O Reitor da USC
Antonio López Díaz

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DE ESTUDANTES DAS TITULACIÓNS DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA E DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑERÍA

CURSO 202.../202...

As persoas que asinan este documento manifestan que leron e aceptan os compromisos establecidos no convenio subscrito pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), para a realización de prácticas académicas externas de estudantes das titulacións da Facultade de Xeografía e Historia e da Escola Politécnica Superior de Enxeñería, e, de acordo coas súas cláusulas fan constar ar a seguinte información:

1. Tipo de prácticas: Curriculares Extracurriculares Traballo fin de grao/fin de máster

2. Estudante beneficiario/a:

Nome e apelidos

DNI

O estudante declara cumprir todos os requisitos establecidos no convenio, así como estar ao corrente no pagamento do seguro establecido na súa cláusula segunda.

3. Titulación e curso no que está matriculado/a:.....

4. Centro de traballo e localidade: Instituto Galego de Estatística. Complexo administrativo de San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela.

5. Persoa titora académica:

Nome e apelidos.....

DNI

6. Persoa titora do IGE:

Nome e apelidos

DNI

7. Duración: do (dd/mm/aa) ao (dd/mm/aa); Nº total de días:; Horas/día:

8. Réxime de permisos: Acordarase entre o estudante e o IGE, que respectará as súas obrigas académicas, formativas, de representación e de participación.

9. Obxectivo educativo: Que o estudante aplique os coñecementos adquiridos durante a súa formación académica, para que acade competencias que lle faciliten o exercicio de actividades profesionais, favorezan a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

10. Proxecto formativo:

O proxecto formativo concreto das prácticas académicas externas reflectirase para cada caso neste apartado. Nel teranse en conta os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

11. Avaliación e control: A persoa designada como titora académica, visto o Informe de prácticas da titora do IGE e a Memoria do estudante, emitirá o Informe final de avaliación.

12. Obrigas do estudante:

- Incorporarse ao IGE na data acordada e cumprir o horario previsto.
- Cumprir con dilixencia e boa fe as tarefas encomendadas polo IGE.
- Cumprir e respectar o sistema organizativo do IGE e as súas normas sobre seguridade e prevención de riscos laborais.
- Gardar o debido sigilo respecto dos asuntos que coñeza.
- Elaborar unha Memoria final das prácticas.

13. Información sobre protección de datos:

Entidade	Universidade de Santiago de Compostela (USC)
Responsable do tratamento	USC. Para calquera dúbida se poderá contactar con protecciondatos@usc.gal . A delegación de protección de datos está no enderezo: dpd@usc.gal .
Finalidade	Xestión dos procesos de acceso á USC, matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión de expedientes académicos, dos títulos e dos cursos de posgrao, 3º ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, enquisas, prácticas e calquera outra actividade incluída na xestión académica administrativa.
Lexitimación	Prestación do servizo público de educación superior (Lei Orgánica 6/2001, de Universidades; Lei 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).
Persoas destinatarias	Poderanse ceder datos ás administracións públicas con competencias na materia e nos supostos de obrigas legais.
Dereitos das persoas interesadas	Acceso, rectificación, supresión, limitación tratamento, oposición e portabilidade, a través da sede electrónica en: http://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.html
Información adicional	A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar no enderezo http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html
Transferencias internacionais	Non se prevén.

O que asinan en Santiago de Compostela, ode de 202...

A persoa titora académica	A persoa titora do IGE	O/A estudante
---------------------------	------------------------	---------------

ANEXO II

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DE ESTUDANTES DAS ESTUDANTES DAS TITULACIÓNS DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA E DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑERÍA

CURSO 202.../202...

A Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (LEG) regula o deber do segredo estatístico e establece que:

- Serán obxecto de protección e quedarán amparados polo segredo estatístico todos os datos de persoas físicas e xurídicas.
- O segredo estatístico amparará os datos individuais de orde privada, persoal, familiar, económica ou financeira, utilizados para elaborar estatísticas, que non se poderán facer públicos nin comunicar a ningunha persoa ou entidade.
- O segredo estatístico vulnérase pola comunicación directa de datos e pola comunicación de datos dos que se poida deducir razoablemente información individual.
- As persoas que interveñan nas operacións reguladas pola LEG están obrigadas a manter o segredo estatístico, aínda logo de concluír as súas actividades profesionais e a súa vinculación cos servizos estatísticos.
- O deber de segredo estatístico empeza desde o momento no que se facilita a información por el amparada e ten unha duración de cen anos.
- O incumprimento do deber de segredo estatístico dará lugar ás responsabilidades indemnizadoras dos danos e prexuízos causados, nos termos establecidos no ordenamento xurídico, con independencia das responsabilidades penais e disciplinarias previstas.
- Considérase infracción administrativa moi graves difundir ou comunicar a persoas non autorizadas datos individuais amparados polo segredo estatístico, ou datos dos que se poida deducir información confidencial sobre datos persoais.
- As infraccións graves sancionaranse con multa de 2501 a 10000 euros. Se a persoa infractora obtívase un beneficio económico superior aos 10000 euros, a multa pode chegar ata o dobre do beneficio obtido.
- As sancións administrativas non son obstáculo para esixir responsabilidades aos infractores perante as xurisdicións ordinaria ou contencioso-administrativa.

En virtude do anterior, eu, con DNI, estudante de, como participante no programa de prácticas externas no IGE comprométome a cumprir o deber do segredo estatístico.

Santiago de Compostela, de de